



Denominación; dirección (ubicación del hecho imponible); importe

Banco Sabadell Gallego, SA; rúa Emilia Pardo Bazán, n.º 32, bajo; 1.500,00 euros

Banco Popular Pastor; rúa Campo de la Barreira, n.º 1, bajo; 1.500,00 euros

Banco Santander, SA; rúa Emilia Pardo Bazán, n.º 61, bajo B; 1.500,00 euros

2.- Ordenar que se someta a exposición pública la citada lista cobratoria durante el plazo de 15 días, contados a partir de la publicación de este anuncio en el BOP, a los efectos de alegaciones o reclamaciones que estimen pertinentes.

Contra los datos de la lista cobratoria y liquidaciones tributarias, los interesados podrán formular un recurso de reposición al que se refiere el artículo 14.2 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, dentro del plazo de un mes desde la finalización de la exposición, ante el alcalde, o cualquier otro recurso que estimen conveniente.

El alcalde. Documento firmado electrónicamente.

R. 842

Avión

Anuncio

Unha vez aprobado definitivamente o Regulamento de réxime interior do centro de día “Alvetus” ao non presentarse alegación ou reclamación ningunha durante o período de exposición pública contra o acordo de aprobación provisional, adoptado polo Pleno deste Concello de Avión na súa sesión ordinaria do día 17 de novembro de 2017, por medio deste anuncio publícase o texto íntegro deste:

Regulamento de réxime interior do centro de día “Alvetus”

1. Obxecto

Este regulamento establece os principios de actuación, obxectivos e as normas da organización e funcionamento de centro de día de persoas maiores do Concello de Avión, así como os prezos públicos polos servizos prestados.

2. Tipo de centro e titularidade

- Entidade da que depende: Concello de Avión.

- NIF: P3200500A

- N.º rexistro: VP-0664/0002

- Enderezo: Praza do Concello n.º 1 32520 Avión.

- Número de prazas: 20.

- Localización: O centro de día “Alvetus” está situado no Centro Integral de Servizos Sociais “Alvetus” no núcleo de poboación O Sifón, n.º 15, 32520 Avión (Ourense).

3. Delimitación conceptual. Tipo de centro, fins e obxectivos

O centro de día “Alvetus” (en adiante centro de día) do Concello de Avión ten por obxecto prestar un conxunto de atencións dende unha perspectiva integral e normalizadora, en xornada diúrna, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía por motivos de índole física, psíquica ou social, que faciliten a permanencia no seu propio medio e melloren a súa calidade de vida.

O centro de día Alvetus ofértales os seus servizos aos residentes do Concello de Avión, que, polas súas deficiencias físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares, teñan reducida a súa autonomía para as actividades da vida diaria, sempre que sexa este o recurso axeitado segundo a avaliación técnica pertinente. Excepcionalmente, admitiranse usuarios residentes dos concellos limítrofes sen transporte para acudir ao centro.

Abarca a dobre vertente de servizos de coidado e respiro familiar.

A finalidade é ofertarlles un espazo de apoio preventivo e especializado ás persoas maiores con dependencia ou risco de padecela, a través de actividades de rehabilitación e estimulación.

Os obxectivos son os seguintes:

- Favorecer a permanencia da persoa dependente no seu contexto socio familiar e proporcionarlle apoio aos seus familiares.
- Evitar ou atrasar a súa institucionalización.
- Ofertar un marco adecuado onde a persoa dependente poida desenvolver as súas relacións e actividades sociais.
- Prover as persoas usuarias dos coidados e intervencións tanto sociais como sanitarias preceptivas para paliar déficits e mellorar o seu benestar.
- Reducir o estrés e os conflitos asociados polo coidado permanente das persoas dependentes.

4. Adscrición administrativa. Tipo de xestión do servizo

A xestión do centro de día Alvetus correrá a cargo da Fundación Anduriña, por encomenda de xestión do Concello de Avión.

A Fundación Anduriña contará cos profesionais adecuados para prestar os servizos correspondentes da atención directa, con persoal propio, ou concertando os servizos necesarios con empresas persoais ou entidades de iniciativa social.

As actividades e tarefas precisas para o desenvolvemento das atencións e prestacións, serán sempre prestadas por persoal cualificado, e poderá contar coa colaboración do voluntariado organizado para o desenvolvemento de tarefas complementarias en actividades dirixidas á ocupación do ocio, acompañamento dentro e fóra do centro, e outras, sempre cunha intervención programada, coordinadas e supervisadas polo/a coordinador/a, sen que en ningún caso exima ao persoal de atención directa da súa realización.

5. Coordinación entre servizos

O centro de día funcionará de forma coordinada co departamento de Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello de Avión.

As instalacións do centro de día poderán servir sen detrimento da súa finalidade esencial de apoio para a prestación doutros servizos sociais e asistenciais.

6. Permiso de inicio de actividades

O centro de día conta co permiso de inicio de actividades con data 13 de maio de 2007 e ten capacidade para 20 usuarios. Está situado na estrada do Sifón n.º 15, Avión.

7. Ámbito de aplicación

Este regulamento de réxime interno afecta a todas as persoas usuarias e aos seus representantes legais, así como ao persoal deste recurso, sendo de obrigado cumprimento.

8. Requisitos documentais

O centro de día dispón dun libro de reclamacións a disposición dos usuarios.

Ademais tamén contará cun libro en rexistro informatizado das persoas usuarias do servizo, así como de expedientes individuais debidamente custodiados nun Plan de atención individual por cada persoa usuaria.

Igualmente o centro de día dispón dun Plan de emerxencias implantado segundo a normativa vixente.

A entidade titular terá no centro de día contratadas as pólizas de responsabilidade civil esixibles segundo a normativa vixente.

O centro de día conta cun circuito pechado de cámaras de vixilancia nas zonas comúns, quedando gravada a actividade do centro. De ser o caso, os usuarios e/ou as súas familias serán debidamente informados pola dirección do centro e deberán consentir que os datos sexan gravados, tratados no ficheiro de responsabilidade do centro segundo a Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, e eliminados pasados un mes da súa gravación.

Todos os datos persoais dos usuarios que lle sexan facilitados ao centro, así como os que se xeren na intervención coas persoas usuarias, serán tratados nun ficheiro de responsabilidade do centro segundo a Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal en vigor.

Así mesmo, os usuarios e as súas familias terán á súa disposición unha caixa de correos de suxestións.

9. Funcionamento do centro

Calendario e horarios de funcionamento: o centro de día permanecerá aberto de luns a venres (excepto festivos).

O horario diferenciarase segundo o tipo de estancia:

- Xornada completa: de 9.30-18.00
- Media xornada, sen comida: das 9.30-13.30 ou ben de 14.00 ás 18.00
- Media xornada, con comida: das 9.30 ás 14.30 ou ben das 13.30 ás 18.00.

Horario de comidas: o horario de servizo de comedor será de 13.30 ás 14.30.

Horario de actividades: as actividades matutinas darán comezo as 10.00 e rematarán ás 13.00 horas.

As actividades de tarde terán un horario de 16.00 a 18.00 horas.

Horario de visitas: as visitas á persoa usuario do centro de día realizaranse de 10.00 a 13.00, e en horario de tarde de 15.00 a 18.00 horas. As visitas realizarase sempre co consentimento da persoa usuaria e sempre que non dificulten o normal funcionamento do centro de día.

10. Descrición do servizo en módulos

O centro de día "Alvetus" ofertará unha atención integral e polivalente, abarcará diferentes necesidades do usuario, apoiará e estimulará os aspectos da comunicación humana, a autoestima e a mellora das condicións de vida.

Todas as atencións e actividades, ás que se fai referencia neste apartado, aplicaranse sempre con carácter complementario das propias capacidades do/a usuario/a ou doutras persoas do seu medio inmediato; non eliminarán nin substituirán as actividades que o/a usuario/a poida realizar, e en ningún caso suplantarán as responsabilidades familiares.

As actividades que se desenvolvan no centro de día poderán ser complementarias doutras intervencións realizadas polos distintos profesionais doutros programas ou proxectos da área social do Concello de Avión.

A prestación que se ofertará no centro de día, divídese en servizo básico e servizos complementarios e concretaranse nos seguintes módulos de atención:

- Servizo básico

Módulos de atención social

- Información e asesoramento.
- Acollemento e orientación do/da usuario/a.
- Coordinación do "Plan de atención individual".
- Relación permanente coa familia.
- Coordinación cos servizos sociais de atención primaria.

Módulo de atención á saúde psicofísica

Autonomía persoal.

- Adestramento en habilidades para favorecer modos de vida independentes.

- Realización de exercicios de rehabilitación menor, encamiñados ao mantemento e á recuperación das habilidades da vida diaria.

- Aplicación e establecemento de condicións ambientais para mellorar a orientación tempo-espazo.

- Colaboración na correcta administración do tratamento médico prescrito.

- Calquera outra atención de carácter persoal e específica, necesaria para acadar a finalidade do servizo.

Hixiene persoal

- O aseo diario debe realizarse no domicilio. No centro de día complementarase o dito aseo, no caso de que sexa necesario.

Dietética

- Atenderanse as necesidades nutricionais dos/as usuarios/as, conforme co seu estado orgánico e metabólico, segundo as indicacións dos facultativos que correspondan.

Módulo de socialización e participación

Relacións persoais.

- Creación de grupos de diálogo, seguimento e avaliación das actividades desenvolvidas no centro de día, fomentando as relacións interpersoais.

- Encontros con outros colectivos e planificación de actividades comúns.

- Celebración de festas, aniversarios

Ocio e cultura

- Organización de xogos e actividades de ocio.
- Audicións musicais, audiovisión de películas...

Actividades creativas.

- Laborterapia.
- Talleres de estimulación cognitiva.

- Servizos complementarios

Módulo de prestacións complementarias

- Servizo de comedor e transporte.
- Outras que sexan necesarias para o normal funcionamento do centro.

11. Normas de convivencia

1. En beneficio de todos, coiden as instalacións do centro, que constitúe o seu propio fogar.

2. Garden as normas de convivencia humana e respecten as normas máis elementais, lembrándolles, para tales efectos, que a liberdade de cadaquén remata onde comezan os dereitos dos demais.

3. Tanto por hixiene coma por respecto aos/ás outros/as usuarios/as, é imprescindible gardar as máis elementais normas de aseo persoal.

4. Calquera obxecto que atope, entrégueno inmediatamente no centro ou avisen para que o recollan. Polo tanto, se vostede perde algo, diríxase ao persoal do centro.

5. Está totalmente prohibido entregarlles propinas, regalos, etcétera, ao persoal do centro.

6. De calquera variación que afecte ás circunstancias que motivaron o seu acceso ao uso do centro, deberá darlle coñecemento ao/á coordinador/a.

7. Hai actividades que vostede pode desenvolver e para iso existen unhas instalacións específicas. A vida no centro depende da participación de todos os usuarios en tales actividades. Esperamos a súa colaboración.

8. A televisión só debe ser manexada polas persoas autorizadas para o efecto.

9. Respete todos os horarios fixados. Teña a seguridade de que calquera modificación será notificada coa debida antelación.

10. Durante as horas de limpeza das áreas comúns, abstéñase de utilizalas para facilitar esta.

11. As saídas que se fagan fóra do centro de día por circunstancias persoais serán pola súa conta.

12. O centro non se fai responsable das propiedades das persoas usuarias.

12. Requisitos de acceso das persoas usuarias

Poderán ser persoas usuarias do centro de día todas as persoas que reúnan os requisitos que a continuación se sinalan. En caso de demanda superior á ofertada, terán preferencia as persoas que, cumprindo os requisitos, estean en posesión da valoración de dependencia e posúan maior grao ou teñan resolución de



PIA, co recurso de centro de día como recurso idóneo. No caso de considerar que a situación da persoa interesada estea dentro dos criterios de emerxencia social (violencia doméstica, desatención ou risco para a súa vida) terán preferencia sobre calquera outra solicitude.

As persoas solicitantes deberán cumprir unha serie de requisitos necesarios como:

- Ter cumpridos 65 anos na data de solicitude de ingreso no centro de día, ou, excepcionalmente, de 60 anos, que, pola situación persoal ou social, precisen deste tipo de centros.
- A idade mínima de admisión poderase reducir, se as circunstancias supoñen un caso de emerxencia social.
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa ou circunstancias que requiran atención imprescindible nun centro hospitalario, así como non sufrir trastornos mentais ou de conduta en situación de crise aguda, que poidan alterar as normas de convivencia no centro e que requiran atención nunha unidade especializada.
- Con prioridade, estar empadroadado no Concello de Avión. Os residentes doutros concellos non poderán dispor do servizo de transporte.

Para o ingreso no centro de día, será requisito imprescindible que o/a usuario/a interesado/a acepte o compromiso de respecto ás normas do centro, horarios, días e achega económica correspondente, de ser o caso. Asinará, así mesmo, o impreso de domiciliación bancaria, para que sexa efectuado o cobramento mensual da prestación do servizo, se procede.

Os/as usuarios/as do centro de día estarán obrigados a comunicarlle ao/a coordinador/a deste, calquera modificación que se produza con respecto ao cambio de enderezo, teléfono, ausencias, así como a variación na súa situación socioeconómica e familiar.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto todo o ano.

As solicitudes presentadas con carácter de urxencia poderán ter praza de oficio, sempre a proposta do/da traballador/a social do concello, como medida de control necesaria, naqueles casos nos que se advirta situación de risco para os membros máis vulnerables da unidade familiar, cando se trate de situacións nas que non se considere oportuno poñer en marcha outro tipo de medidas, ou estas se atopen pendentes de resolución e/ou execución por parte dos organismos competentes.

13. Tramitación e acceso

O acceso ao centro de día, tramitarase na unidade de traballo social emprazada no Centro Integral de Servizos Sociais Alvetus, do Concello de Avión, onde se recibirá a demanda e se facilitará o impreso de solicitude para o efecto.

As solicitudes, dirixiráselle ao Sr/Sra. director/a do Centro Integral de Servizos Sociais Alvetus, acompañadas dos seguintes documentos para a valoración, seguimento e interpretación:

- Fotocopia do DNI, NIE ou calquera outro documentos análogo, en vigor, do/da solicitante ou do representante.
- Certificado de empadramento e convivencia no Concello de Avión.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- Xustificante de ingresos económicos de todos os membros da unidade de convivencia: copia cotexada da última declaración da renda ou certificación de non facela, certificación de pensións ou prestacións percibidas, fotocopia cotexada das últimas nóminas, etcétera.
- Para a realizar o cómputo de patrimonio, deberase acreditar documentalmente o conxunto de bens e dereitos de contido económico dos que sexan titulares os membros da unidade familiar.

- Informe médico segundo o modelo facilitado, do estado físico e psíquico, coa posoloxía do tratamento farmacolóxico para subministrar, de ser o caso, as dietas especiais para seguir, as axudas técnicas prescritas e as necesidades asistenciais e limitacións relevantes.

- Fotocopia da resolución de valoración do grao e nivel de dependencia, se a houbese.

- Fotocopia da resolución do PIA como recurso asignado centro de día, con este documento entraría directamente.

- Fotocopia do certificado de discapacidade, se o tivese.

- No caso de persoas que están incapacitadas legalmente, fotocopia da sentenza firme de incapacidade e do nomeamento do/a seu/súa titor/a legal.

- Información dos datos bancarios e autorización asinada para o cobro dos servizos por parte do centro de día.

- Datos da unidade familiar e dos contactos familiares.

- Autorización para o tratamento dos datos de carácter persoal tanto do propio usuario como os do seu medio familiar, que serán tratados nun ficheiro de responsabilidade do centro, tal e como consta no contrato de servizos.

- Aceptación, de ser o caso, da existencia dun circuíto pechado de cámaras de vixilancia nas zonas comúns, cuxas gravacións pasarán a formar parte do ficheiro de datos que son responsabilidade do centro.

- En canto ás pertenzas persoais, as persoas usuarias ou os familiares responsables achegarán ao centro, para a súa permanencia neste: unha muda de roupa, un neceser con utensilios de aseo (cepillo de dentes, peite, etcétera), cueiros, en caso de ser precisos, e calquera outro material ou utensilio que precise para tal fin e sexa solicitado polo centro.

- A persoa usuaria ou a súa familia achegará ao centro a medicación que nese momento deba estar tomando, sendo prescrita polo facultativo correspondente. A periodicidade das achegas será indicada polo centro.

- Calquera outro que poida solicitar o persoal técnico dos Servizos Sociais do Concello de Avión.

Una vez presentada a solicitude, o/a traballador/a social dos Servizos Sociais do Concello de Avión emitirá un informe da valoración da solicitude e seguidamente emitirase a resolución. O prazo para resolverse será de tres meses.

Resolta a solicitude da praza no centro de día, tanto se é positiva como negativa. No caso de que a resolución sexa favorable, a comunicación deberá conter os seguintes aspectos:

- Data da incorporación.

- Horario e tipo de réxime.

- Porcentaxe do copago con respecto ao custo do/s servizo/s.

14. Entrega do Regulamento de réxime interno

Conxuntamente coa resolución favorable, entregaráselle á persoa usuaria unha copia desta ordenanza para a súa lectura, quedando constancia da entrega da data desta e sendo asinada a súa aceptación por parte das persoas usuarias e /ou os seus familiares ou titor/es.

15. Formalización do contrato

Formalizarase un contrato, que deberá ser asinado pola persoa interesada (ou representante legal), que regulará todos os aspectos da relación contractual e da súa estancia, dende a cantidade para aboar ata o ingreso, ata a súa baixa, dentro dos preceptos deste regulamento, así como a aceptación expresa das normas de funcionamento do centro.

No caso de que a persoa interesada non poida asinar o contrato por imposibilidade física ou psíquica, e de non existir representante legal, farase contar neste contrato o familiar que a representa.

O contrato expedirase por duplicado e irá asinado por ambas as dúas partes. Faráselles entrega dunha copia ás persoas usuarias ou representante legal, quedando acreditada a data e a entrega deste contrato.

Ao contrato anexaráselle a seguinte documentación:

- Inventario de pertenzas no momento do ingreso.
- Copia da autorización á entidade bancaria para o cargo na conta correspondente das cantidades devindicadas polos servizos prestados no centro de día.

Establecerase un período de proba dun mes de duración para a adaptación da persoa usuaria ao centro.

Atenderanse os ingresos involuntarios, sempre que veñan precedidos dunha orde xudicial, se existen prazas vacantes e se a persoa usuaria cumpre os requisitos xerais que se detallan neste regulamento. Ao procedemento de ingreso engadíranse os documentos xudiciais (sentenzas, ordes, etcétera), que se consideren oportunos.

16. Procedementos de baixa e perda da condición de usuario/a

Os/as usuarios/as do centro perderán a súa condición por algunha das seguintes causas:

1. Renuncia voluntaria do/a usuario/a ou do titor legal, comunicada polo menos con 5 días de antelación.
2. Ingreso con carácter definitivo en centro residencial.
3. Ausencia por un período superior a 15 días sen causa debidamente xustificada.
4. Ocultación e falseamento de datos. No caso de datos económicos, poderá supoñer o reintegro do 100% do custo da estancia no centro de día con carácter retroactivo.
5. Falecemento do usuario.
6. Incumprimento dos requisitos establecidos para o seu ingreso no centro de día, tales como traslado definitivo da súa residencia a outro concello, recuperación da autonomía persoal ou familiar, desaparición da causa ou causas que motivaron o ingreso, entre outras.
7. Falta de colaboración do/a usuario/a no desenvolvemento das prestacións do centro, trato desaxeitado do/a usuario/a co persoal e cos/as outros/as usuarios/as.
8. Incumprimento das normas de funcionamento do centro.
9. Falta de pago das cotas por un máximo dun mes.
10. Por cambio de PIA e/ou traslado a outro recurso.

A perda da condición de usuario-beneficiario do servizo polas causas 3ª, 4ª, 7ª, 8ª e 9ª, requirirá a tramitación do correspondente procedemento, a resolución da cal lle corresponda á Comisión de Valoración, procedemento no que deberá oírse ao beneficiario ou o seu representante legal, no prazo de dez días hábiles, a fin de que expoña o que conveña aos seus intereses.

Así mesmo, durante a tramitación do procedemento poderase adoptar a medida cautelar de suspensión provisional da condición de beneficiario/a se a súa permanencia no centro dera lugar a unha grave perturbación do servizo ou orixinara risco grave para o persoal ou para os demais usuarios.

Respecto á causa 8ª, o/a beneficiario/a perderá automaticamente a súa condición de usuario/a na 3ª chamada de atención recibida, tendo dereito a recurso no prazo máximo de 10 días hábiles.

Respecto á causa 9ª, o/a beneficiario/a perderá automaticamente a súa condición de usuario/a.

Tanto se a solicitude de baixa é de forma voluntaria, como por falecemento, ou ben se a causa é forzosa, emitírase unha resolución, sinalando a data efectiva de baixa, así como a causa desta. A resolución entregarase á persoa usuaria, representante legal ou familiar designado, segundo sexa o caso.

17. Ausencias do centro e reserva de praza

O pago da cota realizarase na súa totalidade en concepto de reserva de praza por ausencias voluntarias, e que non poderán ter unha duración superior a 30 días. Pasado o dito prazo, dará lugar á extinción do contrato con esta entidade. Estas ausencias deberán comunicárselle cunha antelación mínima de 5 días á dirección do centro.

Se as ausencias tiveran a consideración de forzosas, sempre que estean acreditadas documentalmente (ingreso en centro sanitario, enfermidade, forza maior etcétera, a contía reducirase o 40% do prezo que mensualmente lle corresponda, a partir do 5º día de ausencia.

O falecemento da persoa usuaria será causa de extinción automática do contrato co centro de día. Neste caso factúranse os días de asistencia ao centro ata o seu falecemento coas excepcións sinaladas nos parágrafos anteriores.

As ausencias xustificadas son as seguintes:

- Enfermidade da persoa e/ou asistencia a consulta médica.
- Enfermidade da persoa coidadora que implica a asistencia da persoa usuaria ao centro de día.
- Ingreso en centro sanitario da persoa usuaria.
- Sancións por faltas graves ou moi graves.
- Calquera outra circunstancia debidamente xustificada que poida alterar de forma importante a dinámica habitual da persoa usuaria ou da súa familia, e que sexa posta en coñecemento da dirección do centro de día.

18. Dereitos e deberes das persoas usuarias

18.1 Dereitos

1. A acceder ao centro de día e recibir asistencia sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
2. Á consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro ou servizo coma dos demais usuarios/as.
3. Ao sxiilo profesional acerca dos datos de seu historial sanitario e social.
4. A realizar saídas ao exterior.
5. A manter relacións interpersoais, incluíndo o dereito a recibir visitas.
6. A unha asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.
7. Á intimidade persoal en función das condicións estruturais dos centros e servizos.
8. A que se lle facilite o acceso á atención social, sanitaria, educacional, cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.

9. A deixar de utilizar os servizos ou a abandonar o centro por vontade propia.

10. A asociarse, co obxecto de favorecer a súa participación na programación e no desenvolvemento de actividades.

11. O exercicio dos dereitos sinalados nos parágrafos 4 e 9 poderá ser obxecto de limitacións en virtude de resolución xudicial.

18.2 Obrigas

1. Achegar toda a documentación e/ou aparellos solicitados polo centro.

2. Cumprir as normas sobre utilización do centro ou servizo, establecidas no regulamento de réxime interior.

3. Observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración e hixiene, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.

4. Colaborar na realización de determinadas tarefas que, sen supoñer un risco para a súa saúde nin para a finalidade do tratamento, serve para mellorar a súa autonomía persoal e parti-



cipación na vida do centro, de acordo co disposto no regulamento de réxime interior.

5. Cumprir os acordos e instrucións emanadas da dirección do centro.

6. Utilizar as instalacións axeitadamente, conforme coas normas do seu uso.

7. Colaborar ao máximo no cumprimento das normas internas do centro, e respectar as condicións do ingreso, estancia e saída do centro, recollidas neste regulamento.

8. Aboar os prezos públicos establecidos no tempo indicado neste regulamento.

19. Das infraccións das persoas usuarias do centro

Constitúense infraccións do réxime sancionador as accións omisións dos suxeitos responsables tipificadas e sancionadas nos seguintes puntos.

As infraccións clarifícanse en leves, graves ou moi graves.

19.1 Infraccións leves

Considéranse infraccións leves calquera incumprimento do regulamento de réxime interno ou das normas de funcionamento que, pola súa natureza ou gravidade, non se tipifiquen como graves ou moi graves.

19.2 Infraccións graves

Terán consideración de infraccións graves:

- Non facilitarlle á entidade ou órgano de administración do centro de día os datos que se requiran ou falseamento dos datos, ou non comunicar a alteración das circunstancias ou requisitos que determinen o outorgamento ou a continuidade da prestación.

- O incumprimento do regulamento de réxime interno ou das normas de funcionamento, cando ocasionen prexuízos notorios na prestación do servizo ou produzan danos graves a outras persoas usuarias ou ao persoal traballador.

- A reincidencia na comisión de infraccións

19.3 Infraccións moi graves

Terán a consideración de infraccións moi graves:

- Provocar desordes e alteracións moi graves no servizo que fagan imposible a continuidade na prestación.

- A agresión física, acoso ou maltrato de cara ao persoal, ou ao resto de persoas usuarias ou persoas visitantes do centro.

- A falta inxustificada de pago das mensualidades por percibir o servizo.

- A reincidencia na comisión de infraccións graves.

20. Taxa pública

